

## **Acta da Comisión Permanente celebrada o 13 de xuño de 2013**

### Asistentes:

Allegue Agüete, Pilar  
Araújo Figueroa, Isaac Borja  
Bergareche Gros, Almudena  
Cabeza Pereiro, Jaime  
De Vicente Remesal, Javier  
Domínguez Rubira, Carmen  
Iglesias Prado, Elena  
López Prieto, M<sup>a</sup> Nieves  
Martínez Yáñez, Nora  
Muleiro Parada, Luis  
Orge Míguez, José Carlos  
Pita Grandal, Ana María  
Rodríguez Damián, Amparo  
Rodríguez Domínguez, M<sup>a</sup> Mar  
Ruiz Hidalgo, Carmen  
Valcárcel Fernández, Patricia

Da comenzo a reunión no despacho A-205 sendo as 13:30 h. coa seguinte orde do día:

- 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (30 de abril de 2013)
- 2.- Informes da Decana
- 3.- Aprobación, se procede, da exclusión da convocatoria dos exames de fin de carreira da materia Prácticas Externas nas dúas titulacións do Centro.
- 4.- Aprobación, se procede, da proposta de nomeamento de Coordinador Académico pola Universidade de Vigo do Master de Procura.
- 5.- Aprobación, se procede, de cambios nos horarios do centro para o vindeiro curso académico.
- 6.- Rolda aberta de intervencións

A Decana excusa a asistencia á reunión de Dona Helena Martínez Hens, Dona Mari Cruz Barreiro Carril, e Don Pablo Fernández Carballo-Calero.

### **1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (30 de abril de 2013)**

Apróbase a acta por asentimento.

### **2.- Informes da Decana**

A Decana comenta que seguen os traballos de posta en marcha da Revista da Facultade. Mandouse dende o Decanato unha proposta de membros para conformar os distintos órganos da Revista. Polo de agora so se mandou a composición aos coordinadores de área. Explica os criterios que se seguiron, aclarando que todo está organizado para cumprir os criterios LATINDEX. O problema pode plantexarse con Relacións Laborais, pois non hai tantas persoas que impartan docencia nesa titulación e sexan Doctores. En todo caso, aclara, a composición non está pechada e pódese cambiar en calquera momento.

Ademáis das persoas que aparecen nestos órganos hai que completar aínda responsables doutros apartados como de xurisprudencia, recensións, etc.

### **3.- Aprobación, se procede, da exclusión da convocatoria dos exames de fin de carreira da materia Prácticas Externas nas dúas titulacións do Centro**

Recibimos unha comunicación da Vicerreitoría de Alumnado pedindo que se comunique, no seu caso, as materias que se excluan da convocatoria de Fin de Carreira.

Pide a palabra Dona Nieves López Prieto para expresar a súa preocupación por se esta exclusión pode prexudicar ao alumnado.

Debátese entre os membros e sométese a votación obténdose os seguintes resultados:

Votos a favor: 10

Votos en contra: 1

Abstencións: 3

Dona Nieves López Prieto pide que conste que ela explicou a razón de ser do seu voto en contra.

### **4.- Aprobación, se procede, da proposta de nomeamento de Coordinador Académico pola Universidade de Vigo do Master de Procura**

É preciso o nomeamento dun Coordinador académico no Master da Procura pola Universidade de Vigo e esta Facultade propón a D. Pablo Grande Seara. É un acordo dos dous centros. Este acordo deberá ser ratificado pola Xunta de Facultade.

Apróbase a proposta por asentimento.

#### **5.- Aprobación, se procede, de cambios nos horarios do centro para o vindeiro curso académico**

A Vicedecana Nora Martínez Yáñez explica os cambios mínimos propostos que son aprobados por asentimento debendo o acordo ser ratificado pola Xunta de Facultade.

#### **6.- Rolda aberta de intervencións**

A profesora Almudena Bergareche Gros pide a palabra para aclarar que en relación co listado da Revista da Facultade o Departamento de Dereito Público enviou un escrito no que chamaba a atención acerca de que faltaban áreas deste Departamento nos órganos da Revista. A Decana respostou inmediatamente incluíndo á Profesora Noemí García Gestoso sen falar previamente coa área de Dereito Constitucional.

A Decana explica que efectivamente a Directora do Departamento de Dereito Público escribiu un correo no que a felicitaba pola iniciativa para por en marcha a Revista e tamén aludía a que se votaba en falta representación de persoas por algunhas áreas do seu Departamento, entre as que citaba a Dereito Constitucional, e decidiuse incluír á profesora García Gestoso. En todo caso, a Decana lle indica que se ten interese en formar parte da Revista o pode comunicar polas canles axeitadas. Todos os que chamaron ao Decanato e reúnen os requisitos foron incluídos.

A Profesora Almudena Bergareche intervéen dicindo que a vontade da Decana fíxose pública ao elaborar a lista de persoas coas que se contaba, que ao facela quedou claro a quenes excluíu. En todo caso, polo que a ela se refire, quere que conste en acta que ao longo dos anos ven dando sempre mostras do seu interese en colaborar na Facultade.

A Decana quere que tamén conste en acta que cree que debe interpretar isto como un ataque institucional. Que non se consultou con ningunha área á hora de facer a listaxe, pero que non houbo problema en incluír a outras persoas cando se manifestou que máis áreas debería estar representadas, e insiste en que se ela quere participar neste proxecto o manifeste.

A Profesora Bergareche contesta que non se trata dun ataque persoal, simplemente protesta por unha contestación pública da Señora Decana na que logo de ter unha proposta feita por parte da Directora do Departamento de Dereito Público, quedou claro

a quen quixo exluir da Revista.

O Profesor Orge Míguez expresa un rogo: que neste tipo de reunións non se personalicen os problemas que poida haber entre distintos membros.

Non habendo máis intervencións levántase a reunión sendo as 14.30 h. do que dou fe como Secretaria

Patricia Valcárcel Fernández